

Edición 2ª

Data de aplicación: 20/03/2013

A. Obxecto

Definir a sistemática que garanta unha adecuada xestión (incluíndo a súa comunicación) relacionada coas condicións de desenvolvemento dos proxectos e actividades de investigación. Asegurar a súa adecuada situación mediante o control, e supervisión eficaz das condicións laborais na que se desenvolvan os traballos de investigación na Universidade de Vigo.

B. Alcance

Todos as liñas de investigación desenvolvidas polo persoal da Universidade de Vigo, o baixo a dependencia e organización directa da mesma, e que impliquen (aínda que sexa potencialmente), pola súa especificidade, a necesidade de contemplar unha avaliación especial. Inclúese a seguinte clasificación básica:

- Liñas de investigación que impliquen a utilización de reactivos químicos.
- Liñas de investigación que impliquen a utilización de axentes biolóxicos.
- Liñas de investigación que impliquen a utilización de animais de experimentación.
- Liñas de investigación que xeren radiacións ionizantes.
- Liñas de investigación que impliquen a utilización de láseres.
- Liñas de investigación que impliquen a utilización de equipos de traballo xeradores de risco significativo (consecuencias potenciais graves ou moi graves) por contacto eléctrico, contacto térmico, golpes con obxectos móbiles, caídas en altura, atrapamento, cortes, proxeccións.
- Liñas de investigación que impliquen a instalación de gases.
- Liñas de investigación que impliquen traballos en instalacións eléctricas.
- Liñas de investigación que impliquen traballo de campo non administrativo (medicións, mostraxes, etc.).
- Outras liñas de investigación que expresamente o Servizo de Prevención de Riscos Laborais determine.

	Nome	Data	Selo Sinatura	e
<i>Elaborado por</i> Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)	Mª. José Montero Vilariño. Mª. del Carmen Álvarez González.	20/03/2013		
<i>Revisado por</i> Comité de Seguridade e Saúde (CSS)	José Manuel García Vázquez.	20/03/2013		
<i>Aprobado por</i> Xerencia	Manuel Fernández Jauregui.	20/03/2013		

Edición 2ª

Data de aplicación: 20/03/2013

C. Histórico de revisións

Edición primeira.

Edición segunda:

Modifícase o obxecto do procedemento centrándose nas actividades de investigación.


Modifícase o alcance do procedemento en función das liñas de investigación.

Modifícase e simplifícase o contido xeral do procedemento (fluxograma, comentarios ao gráfico, rexistros, e indicadores) potenciando a súa integración e asimilación coa normativa de grupos de investigación, agrupacións e centros singulares de investigación (CG 19-06-12), e o regulamento de cursos e convenios da Universidade de Vigo (modificado na Xunta de Goberno do 20-07-2000).

D. Documentación de referencia

Estándar OHSAS 18001.

E. Contido



Edición 2ª

Data de aplicación: 20/03/2013

F. Comentarios do gráfico

1- O documento-rexistro DRPRL 10-01: "Comunicación anexa de PRL asociada a Liñas de investigación" realizase por liña de investigación, e incorporase a documentación mínima establecida pola normativa de grupos, agrupacións e centros singulares de investigación da Universidade de Vigo. Nos casos en que non se forme parte dun grupo de investigación, o investigador ou investigadora individual asumirá de forma directa as funcións definidas da figura de coordinador/a do grupo de investigación.

2- Con respecto aos grupos xa recoñecidos, e liñas de investigación dadas de alta, procederase á actualización da documentación específica en materia de prevención de riscos laborais contemplada no presente procedemento conforme así sexa requirido pola Vicerreitoría de Investigación.

3- Os grupos de investigación deberán, a través do seu coordinador ou coordinadora, comunicar á Vicerreitoría de Investigación as modificacións que poidan supoñer cambios substanciais nas condicións de seguridade e saúde. A vicerreitoría de Investigación comunicará ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais ditas modificacións para actualizar a avaliación de riscos laborais cando así sexa necesario. As comunicacións non se supeditan a un formato específico, pero debe evidenciarse o seu rexistro. No caso do investigador ou investigadora individual mantense a mesma sistemática, sendo obriga de dita figura a comunicación inicial.

4- O Servizo de Prevención de Riscos Laborais poderá inspeccionar e verificar as condicións de traballo referidas a calquera proxecto/actividade de investigación, en calquera momento. Deixando constancia do resultado de dita inspección no "DRPRL-09-07: Libro de PRL do centro", que poderá xerar a toma de accións que se estimen oportunas en función do caso, aplicándose a sistemática descrita no procedemento "PPRL-15: Non conformidades, accións correctivas, e accións preventivas".

5- O Comité de Seguridade e Saúde, conforme as súas funcións legalmente establecidas, levará a cabo o seguimento das condicións laborais e da actuación preventiva, incluíndo os traballos de investigación.

6- Para os traballos de investigación baixo a xestión da Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento (denominados proxectos de I+D) é de aplicación ao respecto da súa autorización o establecido no Regulamento de Cursos e Convenios da Universidade de Vigo. Sendo dita Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento quen garante por defecto de comunicación ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais a axeitada correlación en materia de prevención de riscos laborais entre os requirimentos e esixencias do proxecto de I+D.

Edición 2ª

Data de aplicación: 20/03/2013

G. Rexistros

<i>Identificación</i>	<i>Arquivo</i>	<i>Responsable</i>	<i>Recuperación</i>	<i>Tempo</i>
DRPRL-10-01 Comunicación anexa de PRL asociada a liñas de investigación.	Soporte papel / soporte informático	SPRL	Por tempo	5 anos

H. Indicadores

Indicador: Comunicación de PRL axustada coas liñas de investigación

<i>Definición (ratio)</i>	<i>Unidade de medición</i>	<i>Valor de referencia</i>	<i>Responsable do seu seguimento</i>	<i>Periodicidade</i>
(Nº de grupos de investigación con ausencia inicial do anexo DRPRL-01-01/ Total de grupos de investigación que o requiren) x 100.	Puntos porcentuais	< 30%	CSS	Anual